

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Extracto da convocatoria de axudas ao estudo curso 2018/2019

Extracto da convocatoria de axudas ao estudo para familias con descendentes escolarizados nos niveis obrigatorio ou non obrigatorio en centros sostidos con fondos públicos convocadas pola Concellería de Relacións coa Comunidade Educativa – Curso 2018/2019

Obxecto.- Axudas destinadas aos estudantes dos niveis obrigatorio e non obrigatorio matriculados en centros sostidos con fondos públicos que cumpran os requisitos definidos nas bases.

Persoas destinatarias.- As persoas destinatarias son as que se concretan nas bases para cada liña de axudas.

Bases reguladoras.- A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras axudas para a concesión de axudas ao estudo para familias con descendentes escolarizados nos niveis obrigatorio ou non obrigatorio en centros sostidos con fondos públicos convocadas pola Concellería de Relacións coa Comunidade Educativa vixentes publicadas no BOP

Contía.- O importe da consignación presupostaria ascende a 185.000 € con cargo a partida 320.48900 do presuposto ordinario para o 2018.

Criterios de valoración.- As bases reguladoras conteñen os criterios de valoración, os criterios de adjudicación e o procedemento de concesión aplicables a cada liña de axudas.

Prazo de presentación.- Os prazos de presentación son os aprobados na convocatoria das axudas coa seguinte concreción de datas:

- Liña 1 (axudas para comedor escolar) e liña 2 (axudas para adquisición de libros e material didáctico): prazo de UN MES contado dende o 16 de abril de 2018.
- Liña 3 (axudas á mobilidade para estudantes): prazo de UN MES que corresponderá co mes natural de outubro de 2018.

Arteixo, 3 de abril de 2018

Asdo.: Celina Varela Suárez

Concelleira de Relacións coa Comunidade Educativa

2018/2536